

CERTIFICADO DE SECRETARÍA

Lucía Artime Alonso Secretaria, do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía dictouse o Decreto nº 2018-1139, de data 28 de setembro de 2018, que a continuación se transcribe:

“Visto o expediente de contratación mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, para o “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NO CONCELLO DA ESTRADA”, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1.

Vistas as actas das reunións da Mesa de Contratación que tiveron lugar os días 23 de marzo, 6 de abril de 2018 na que se produxo a clasificación de ofertas e, a consecuente proposición para que esta Alcaldía realizara Proposta de Adxudicación, así como a celebrada o 26 de abril de 2018 na que a Mesa se ratifica na decisión adoptada na reunión do 6 de abril.

Visto que a que obtivo a maior puntuación foi a oferta formulada pola empresa DENEVO PUNTO CREATIVO S.L., (CIF B70181680),

Vista a documentación presentada na data 23 de maio de 2018 polo proposto como adxudicatario do contrato de “Subministro e instalacións de marquesiñas no concello da Estrada”, DENEVO PUNTO CREATIVO SL

Visto que para acreditar a solvencia técnica presenta un título de Enxeñeiro Técnico Industrial e unha relación de obras realizadas pero referidas á contratos de obras non en subinistros que é o obxecto do contrato, e por parte só dun administrador solidario da licitadora e non da empresa licitadora, e sen que dita relación veña acompañada dos certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, polo que non se considera acreditada con esta documentación a solvencia técnica

Visto o informe técnico emitido na data 27 de xullo de 2018 polo Arquitecto Técnico Municipal, onde corrobora o antedito e literalmente dí que *“non se considera acreditada a solvencia técnica da mercantil para o obxecto do contrato”*

Visto o requirimento de data 27 de xullo de 2018, polo que se lle solicita que acredite a solvencia técnica da empresa por algún dos medios recollidos no prego de cláusulas administrativas que rixen dita contratación.

Visto que o día 2 de agosto de 2018 (RE 2018-E-RE-1838) presenta documentación para xustificar a solvencia técnica.

Visto o informe do Arquitecto Técnico municipal de data 17 de agosto de 2018 no que unha vez revisada documentación aportada, conclue o seguinte:

“..... - A documentación aportada ó expediente por Denuovo Punto Creativo SL non xustifica a solvencia técnica para o tipo de contrato que nos ocupa. A documentación aportada intenta xustificar a solvencia técnica baseándose nunha interpretación equivocada do punto f) do art. 77 do TRLCSP, confundindo os certificados do control de calidade na fabricación dun produto (que neste caso serían as marquesiñas), que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas, co control de calidade para a execución dunha obra.

Non se considera acreditada a solvencia técnica da mercantil para o obxecto do contrato”.

Visto que como consecuencia do anterior, enviouse nova proposta de adxudicación en favor da empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L., clasificada en segundo lugar, para que no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, procedera a aportar a documentación, na data 24 de agosto de 2018, sendo recibida dita proposta polo licitador na mesma data a través da Sede Electrónica

Visto que rematado o prazo de 10 días concedido, a empresa non fixo aportación da documentación solicita, e postos en contacto telefónico con eles confirmaron que a non presentación fíxose de maneira deliberada, polo que decaeu a proposta no seu favor

Visto que na data 10 de setembro fíxose unha nova proposta de adxudicación en favor do terceiro licitador clasificado, MARLO S.L.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe de fiscalización de Intervención de data 28 de setembro de 2018

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía n.º 682 de 15 de xuño de 2015.

Visto o recollido no artigo 10 da Lei 40/2015 respecto a avocación da delegación de competencias

RESOLVO:

1º.- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.- Excluir do procedemento de contratación para o subministro e instalación de marquesinas a empresa DENUOVO PUNTO CREATIVO SL por non acreditar debidamente a solvencia técnica para o devandito contrato, de acordo co establecido na cláusula 15 do PCAP e a empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L., por no facer a presentación da documentación solicitada no prazo concedido ao efecto.

3º.- Adxudicar o contrato de “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NO CONCELLO DA ESTRADA”, con cargo ao Plan de Obras e

Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1, por un prezo unitario de 2.692,25 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido, á empresa PMOBILIARIO URBANO MARLO S.L., con CIF B70292982, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

3º.-Unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, requirirase ao adxudicatario para que, nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, formalice o correspondente documento contractual.

4º- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores, xunto co seu réxime de recursos.”

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Alcalde,

A Secretaria,

(documento asinado dixitalmente á marxe)